



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Outubro 2017

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2017

Instituto Galego de Estatística
Complejo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Outubro 2017


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de outubro en Galicia un aumento do 6,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior, cinco décimas inferior ao do mes de setembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 5,9%, dúas décimas máis que no mes anterior.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 6,4% e os Outros servizos o 5,9%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta un 2,6% tanto en Galicia como en España.
- En todas as comunidades autónomas aumentan a súa cifra de negocios no mes de outubro. Galicia é a oitava comunidade con maior crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación. Galicia é a décima comunidade co maior incremento do emprego.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de outubro en Galicia un crecemento do 6,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior, cinco décimas menos que no mes de setembro. O índice para España amosa un aumento do 5,9% respecto ao mes de outubro de 2016, dúas décimas superior á taxa de variación rexistrada no mes anterior.



O crecemento experimentado pola cifra de negocios débese principalmente ao *Comercio*, que aumenta o 6,4% e achega 4,9 puntos a taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 5,9% e achegan 1,4 puntos a taxa de variación do índice xeral.

En España o *Comercio* incrementa a súa cifra de negocios o 5,9%, cinco décimas menos que en Galicia e os *Outros servizos* aumentan o 5,9%, o mesmo que na comunidade autónoma.

O incremento da facturación no *Comercio* ven motivado polo *Comercio por xunto*, que aumenta o 9,7% e achega 5,2 puntos a taxa de variación do índice xeral. A *Venta e reparación de vehículos* e o *Comercio polo miúdo* diminúen a súa facturación, -2,8% e -0,8% respectivamente.

A nivel nacional, tamén é o *Comercio por xunto* o que máis repercute no incremento do índice xeral, 2,8 puntos, cun crecemento do 7,6%; a *Venta e reparación de vehículos* aumenta o 12,8% e supera en máis de 15 puntos a taxa galega.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 5,9%; o sector que máis contribúe a este incremento é o *Transporte*, cunha taxa do 5,1%.

En España, os *Outros servizos* tamén aumentan o 5,9%, sendo o *Transporte* e as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* os sectores que máis repercuten neste crecemento, 0,8 puntos cada un, con taxas do 7,8% e 9,3% respectivamente.

No que vai do ano, o índice de cifra de negocios crece un 8,4% en Galicia e un 6,4% en España. O sector con maior repercusión no incremento do índice xeral, tanto en Galicia como en España, é o *Comercio por xunto*, con taxas do 12,9% e 7,8% respectivamente.

Todos os sectores rexistran, no que vai de ano, taxas positivas en Galicia agás a *Venta e reparación de vehículos de motor*, que diminúe un 4,8%. A nivel nacional, todos os sectores rexistran taxas positivas.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB


Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 6,7% no mes de outubro. Este incremento débese principalmente ao *Comercio*, que crece o 5,7% e achega 2,5 puntos á taxa de variación do índice xeral, e o *Transporte* que, cun incremento do 11,0%, achega 1,5 puntos. Ademais, a *Hostalería* aumenta o 5,3% e achega 1,1 puntos.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 4,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 5,0%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



1.4. Indicadores por comunidades autónomas


No mes de outubro en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios.

Os maiores aumentos danse en Cantabria (8,3%), Comunitat Valenciana e País Vasco (ambas as dúas 7,4%). As comunidades con menores crecementos son Castilla y León (2,1%) e Extremadura (2,6%).

No que vai de ano, Navarra (10,0%), Galicia (8,4%) e Madrid (8,3%) rexistran os maiores incrementos, mentres que Castilla y León (3,2%) e Extremadura (3,3%) amosan os menores crecementos.

Índices de cifra de negocios. Outubro 2017


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 2,6% respecto ao mes de outubro de 2016, o mesmo que en España.



O persoal ocupado aumenta un 2,0% no *Comercio* e un 3,1% nos *Outros servizos*. Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* achega seis décimas a taxa de variación do índice xeral, cun incremento do 4,5%, e o *Comercio polo miúdo* tres décimas ao aumentar o persoal ocupado un 1,3%. Pola contra, na *Venta e reparación de vehículos* diminúe a ocupación (-1,2%).

Nos *Outros servizos* destaca o incremento do 5,6% nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* e do 4,9% na *Hostalería*, co que achegan oito décimas cada un a taxa de variación do índice xeral.

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. O maior incremento dáse nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (5,1%).

No que vai de ano, o persoal ocupado aumenta en Galicia o 2,3% e en España o 2,6%. O *Comercio por xunto*, a *Hostalería* e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* son os sectores con maiores crecementos, tanto en Galicia como en España.


2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de outubro. Os maiores incrementos danse en Murcia (4,5%) e Illes Balears (4,2%). As comunidades onde menos crece a ocupación son Extremadura (1,4%) e Castilla y León (1,8%).

No acumulado no ano, os maiores crecementos danse en Murcia (4,8%) e Illes Balears (4,0%) mentres que en Andalucía (1,5%) e Castilla y León (2,0%) rexístranse as taxas máis baixas.

Índices de persoal ocupado. Outubro 2017

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Outubro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	124,7	6,3	8,4
Comercio	128,5	6,4	9,6
Venta e reparación de vehículos de motor	93,0	-2,8	-4,8
Comercio por xunto	150,2	9,7	12,9
Comercio ao retalho	97,6	-0,8	4,5
Outros servizos	111,1	5,9	4,6
Transporte	118,5	5,1	2,3
Hostalería	103,8	4,9	7,7
Información e comunicacións	92,4	6,1	3,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	104,3	7,3	5,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	149,0	7,4	6,8
España			
Xeral	111,2	5,9	6,4
Comercio	110,0	5,9	6,6
Venta e reparación de vehículos de motor	123,1	12,8	9,5
Comercio por xunto	115,1	7,6	7,8
Comercio ao retalho	96,9	0,4	3,4
Outros servizos	113,2	5,9	6,1
Transporte	121,9	7,8	6,5
Hostalería	119,0	3,3	5,3
Información e comunicacións	100,7	2,3	3,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	113,8	9,5	9,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	113,2	5,3	5,6

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Outubro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	119,0	6,7	8,0
Comercio	121,8	5,7	9,0
Transporte	140,4	11,0	8,1
Hostalería	106,2	5,3	8,2
Información e comunicacións	89,2	5,9	4,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	120,3	9,4	6,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	138,4	7,1	5,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Outubro 2017**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	111,2	5,9	6,4
Andalucía	102,8	5,4	4,7
Aragón	115,1	4,1	4,4
Asturias	99,8	3,1	4,2
Balears, Illes	126,0	7,3	5,5
Canarias	116,7	4,9	4,3
Cantabria	107,1	8,3	6,3
Castilla y León	106,9	2,1	3,2
Castilla-La Mancha	110,4	6,8	8,0
Cataluña	112,9	5,2	6,2
Comunitat Valenciana	113,7	7,4	7,2
Extremadura	105,5	2,6	3,3
GALICIA	124,7	6,3	8,4
Madrid	110,4	6,7	8,3
Murcia	107,9	5,4	4,9
Navarra	107,1	7,0	10,0
País Vasco	110,7	7,4	4,3
Rioja, La	121,5	4,8	6,1

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Outubro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	100,9	2,6	2,3
Comercio	96,3	2,0	2,1
Venta e reparación de vehículos de motor	83,5	-1,2	-0,6
Comercio por xunto	95,3	4,5	3,7
Comercio ao retalho	99,5	1,3	1,7
Outros servizos	104,8	3,1	2,5
Transporte	99,2	0,1	0,8
Hostalería	100,5	4,9	3,1
Información e comunicacións	89,3	2,4	1,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	100,3	0,9	0,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	124,9	5,6	4,8
España			
Xeral	104,6	2,6	2,6
Comercio	101,9	2,2	2,2
Venta e reparación de vehículos de motor	94,0	2,6	2,2
Comercio por xunto	107,2	3,0	3,0
Comercio ao retalho	100,1	1,5	1,8
Outros servizos	106,4	2,9	2,8
Transporte	102,2	3,0	2,7
Hostalería	107,9	2,1	2,6
Información e comunicacións	100,7	2,6	2,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	100,6	1,6	1,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	115,3	5,1	4,2

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Outubro 2017**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	104,6	2,6	2,6
Andalucía	101,5	2,2	1,5
Aragón	103,9	3,9	3,1
Asturias	96,1	2,4	2,1
Baleares, Illes	121,5	4,2	4,0
Canarias	108,5	2,7	3,1
Cantabria	105,6	3,6	3,7
Castilla y León	99,1	1,8	2,0
Castilla-La Mancha	102,7	3,2	2,5
Cataluña	108,6	3,0	3,2
Comunitat Valenciana	106,2	2,5	2,6
Extremadura	104,2	1,4	2,5
GALICIA	100,9	2,6	2,3
Madrid	101,0	2,0	2,2
Murcia	112,2	4,5	4,8
Navarra	109,0	3,5	3,8
País Vasco	105,3	2,4	2,1
Rioja, La	110,7	3,1	3,5

Fonte: INE